

Expediente IET: P-22-052
Proxecto: Parque eólico Marcofán
Concello: Beariz, Boborás e O Irixe (Ourense)
Promotor: Marcofán Eólica SL

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 26/01/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Ourense somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de Parque eólico Marcofán.

1. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

2. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na instalación do parque eólico Marcofán, de 39,20 MW, composto por 7 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (acondicionamento e nova construción de camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, subestación transformadora, zonas de provisión e gabias para a rede eléctrica). Os aeroxeradores terán 5,6 MW de potencia, cunha altura da buxa de 119 metros e cun diámetro de rotor de 162 metros. En relación cos camiños necesarios para a infraestrutura descoñécese a lonxitude dos mesmos.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (Anexo D) no que se fai unha xustificación do cumprimento das directrices de paisaxe de Galicia, unha descrición das características do proxecto, a caracterización da paisaxe e unha análise da intervisibilidade, dando por último unhas medidas de integración paisaxística e determinando os impactos do proxecto.



3. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Galicia Central, na comarca paisaxística de O Carballiño. Ao carón da infraestrutura, escasos 300 m da posición 1, atópase a área de especial interese paisaxístico AEIP-07-29 Serra do Candán e Montes do Testeiro, a 8,3 km ao oeste aparece a AEIP-08-12 Serra do Cando, ao sur está a AEIP-08-15 Serra do Suído a 6,8 km, a 10,4 km ao sueste atópase a AEIP-05-05 Pazos de Arenteiro e algo máis ao sur localízase a AEIP-05-09 Pena Corneira a uns 12 km. No relacionado cos miradoiros, cabe destacar os 4 situados no interior da AEIP Serra do Candán e Montes do Testeiro a distancias que oscila entre os 2,7 km e os 10,1 km. No interior da AEIP Serra do Cando aparecen outros dous miradoiros dende os que sería visible a infraestrutura a 9,7 km e 10,1 km, e na mesma dirección a uns 15 km o miradoiro de Predouzos. Ao sur aparecen tamén numerosos miradoiros sendo visibles dende o Miradoiro de Castro a 9,1 km, dende o Miradoiro de Avión a 12 km e dende o Faro de Avión a 19 km. Ao leste localízanse os miradoiros de San Facundo a 18,8 km e Pena de Francia a 19,9 km. Ao nordés aparece discorrendo a 15 km de sueste a noroeste a Vía da Prata do Camiño de Santiago, localizándose no interior das AEIP Serra do Cando e Serra do Candán varios sendeiros. Ademais atópanse numerosos lugares de especial interese paisaxístico (LEIP), tanto no interior das AEIP como ao redor da infraestrutura

Os aeroxeradores divídense en dous grupos, ao norte e ao sur. Os da zona norte localízanse nun alto ao carón da AEIP Serra do Candán e Montes do Testeiro e do núcleo O Regueiro e a estrada N-541, a unha altura de 911 m. Os situados ao sur atópanse aliñados en dirección norte-sur no cumio de Marcofán de 936 m de altitude. En ámbolos dous casos a topografía caracterízase por unha pendente acusada, cunha cobertura do solo no ámbito máis inmediato de matogueira e plantacións forestais, aparecendo ao redor dos núcleos de poboación manchas de agrosistema extensivo. Na contorna dos aeroxeradores situados ao sur aparece o río de Beariz ao oeste e os regos de Touza e O Chancelo ao leste, nacendo ao pé dos aeroxeradores proxectados ao norte o mencionado rego do Chancelo, así como o río Redondos, o rego da Cova, o río da Chouriza e o río Deza. Os núcleos de poboación máis próximos son Magros a 1,1 km, Muradas a 1,3 km e Beariz a 1,8 km, todos eles ao suroeste da infraestrutura; namentres que ao carón dos aeroxeradores situados ao norte atópase O Regueiro a escasos 500 m e Candosa a 600 m, ademais de outros núcleos a distancias comprendidas entre 1 e 2 km de distancia como son Lebozán, as Antas, Arnelas, as Ventelas e os Liñares. As principais vías de comunicación son ademais da xan mencionada N-541, a estrada provincial OU-0415 ao sur e a OU-212 ao oeste.

4. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP fai unha diagnose do estado actual da paisaxe analizando os seus valores e determinando o grao de fragilidade e calidade paisaxística do ámbito. Leva a cabo un estudo da visibilidade de cada aeroxerador nun radio de 15 km e dende algúns dos elementos de valor, ao tempo que achega fotomontaxes dende puntos singulares. Resume as características principais do proxecto así como dos impactos previstos sobre os elementos da paisaxe. Xustifica como se incorporaron ao proxecto as determinacións das directrices de paisaxe, establecendo por último, medidas de integración, tanto preventivas como correctoras.

Respecto ao cálculo da visibilidade do proxecto levado a cabo no EIIP, non queda expresado o criterio empregado para o mesmo, en particular non se determina a altura do aeroxerador empregada, para a cal deberá tomarse a altura total á punta da pa.

Os aeroxeradores serán, visibles dende un gran número de AEIP e miradoiros, así como dende sendeiros, a Vía da Prata e a estrada nacional N-541. Cabe destacar a gran incidencia producida polas posicións 1 e 2 na AEIP Serra do Candán e Montes do Testeiro. O proxecto provocará, polo tanto, un impacto paisaxístico derivado da intrusión visual que producirán as infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, por situarse en posicións





elevadas, dominantes no relevo (que lles confire unha alta visibilidade), e por tratarse de elementos alleos á paisaxe natural; todo o cal provocará unha perda da calidade estética e visual destes cumios. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía con outros parques eólicos que, segundo os datos do Rexistro eólico de Galicia, atópanse en tramitación ou en funcionamento nas proximidades.

5. Conclusión:

Este proxecto producirá impactos paisaxísticos debidos á introdución de obxectos alleos ao carácter da paisaxe, que afectan a áreas e elementos de valor paisaxístico e ás panorámicas dende os diversos puntos de observación da contorna. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía con outros parques eólicos en explotación, autorizados, ou que se están a tramitar nas proximidades.

O estudo de impacto ambiental incorpora un EIIP, cuxo contido non se axusta completamente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, polo que deberá completarse segundo as seguintes indicacións:

- Para os efectos do artigo 29 do RLPPG, deberase emendar o estudo de visibilidade. Para tal fin, as cuncas visuais de cada aeroxerador calcularanse para un radio de 20 km e desde o punto máis desfavorable (altura máxima a punta de pa)
- Polo que atinxe ás medidas preventivas e correctoras para acadar a integración paisaxística do proxecto (artigo 30 do RLPPG), deberán completarse as xa previstas, en concordancia coas conclusións do EIIP, e de acordo coas determinacións das Directrices de paisaxe de aplicación, entre as que cabe salientar, as seguintes:
 - De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.a, no deseño do parque eólico deberanse ter en conta os resultados do EIIP, e particularmente as cuestións que se indican neste informe sobre os valores paisaxísticos afectados polo proxecto. Polo que se deberá estudar a posibilidade de mover, ou de ser o caso eliminar, as posicións 1 e 2 con máis incidencia visual sobre a AEIP Serra do Candán e Montes do Testeiro e os miradoiros que alberga.
 - Para o edificio de control e centro de seccionamento, debido ao tipo de edificación que constitúen, é dicir, instalacións de infraestrutura eléctrica e en relación á directriz de paisaxe DX.17.c.4, considérase máis axeitado empregar técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen a maior integración cromática e textural posible. Polo tanto, os materiais empregados deberán presentar acabamentos que transmitan unha imaxe de calidade, evitándose as imitacións da arquitectura tradicional. Así mesmo, de ser necesario, disporase unha pantalla vexetal no perímetro da instalación realizada con especies autóctonas de acordo coas directrices de paisaxe DX.17.b e DX.20.o.
 - De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.



En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, deberán quedar oportunamente recollidas nos planos e orzamento do proxecto as medidas de integración paisaxística, como é a de creación de barreiras vexetais.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

